


# Premio Exeria

## Relatos 2021-2024



# Premio Exeria

Relatos 2021-2024



ATENEO ATLÁNTICO

Premio Exeria

Relatos 2021 - 2024

# ATENEEO ATLÁNTICO

Da Edición en papel

1ª edición, 1ª impresión, 2024

Producción: Editorial Galaxia, S. A.

Depósito legal: VG 612-2024

Imaxe da cuberta: Luis Otero

Deseño da cuberta: Hayat Husein

Maquetación: Alba Pernas

O papel utilizado é reciclable, libre de cloro  
e obtido dunha xestión forestal sustentable.

Da Edición dixital

Maquetación: Nacho Pérez

© VV. AA., 2024

© Ateneo Atlántico, 2024

© polos textos e imaxes, cadanseu autor e autora, 2024

Edición non venal

ATENEO ATLÁNTICO

Premio Exeria

Relatos 2021 - 2024

# Limiar

Luísa Abad

## Presidenta do Ateneo Atlántico

Por que o premio Exeria?

Por que había que crear un novo premio literario?

Cando iniciamos a súa xestión pesou en nós sobre todo un obxectivo: exaltar a paisaxe, o patrimonio, a cultura... a vida en Vigo. Pensabamos que era necesario, que no proceso de revalorización da cidade había que poñer palabras que axudasen na formulación da nosa identidade. Puxémoslle Exeria por ser ela a primeira escritora galega coñecida.

Este libro recolle os textos premiados nestes primeiros catro anos. Aínda que no primeiro ano convocamos premio de poesía e relato curto, optamos nos seguintes por axustar o esforzo ás nosas capacidades e quedarnos só co de narrativa.

Os lemas que escollemos foron:

PASEANDO POLA CIDADE (2021)

VIGO, FUTURO IMPERFECTO (2022)

A RÍA, APERTA DE SAL (2023)

VIGO, ALDEA DE NOSO (2024)

Parécenos que o premio Exeria do Ateneo Atlántico de Vigo e a Fundación Xoán Piñeiro está en proceso de consolidación, e este libro é boa

proba do traballo que se vén realizando.

A entrega do premio é sempre a última actividade de cada curso, é a festa de inicio das vacacións. Axuda a que contásemos con importantes figuras da música, como Carme Penín, Su Garrido Pombo, M. J. Pérez e Uxía.

Agradecemos especialmente a colaboración de:

Cuqui Piñeiro, que creou unha marabillosa escultura, emblema do premio.

As madriñas e padriños que presidiron os xurados: Silvia Penas (tamén autora da introdución que abre esta obra), Xina Vega, Xabier Paz e Inma López Silva.

Terras Gauda, Vieirasa, e este ano ademais a destilería Pazo de Valdomiño. Elas contribúen cos medios económicos para o premio.

Banco de Santander, que patrocina esta publicación.

A Escola municipal de artes e oficios (EMAO), que tan xenerosamente nos ofrece á súa biblioteca, chea de historia, para o acto de entrega e o patio interior para a celebración posterior.

O equipo de LiterAteneo, pola súa dedicación, así como a todas as persoas que participaron nos sucesivos xurados.

Desexamos que gocedes coa lectura dos textos gañadores de cada edición, e pensamos que estaredes de acordo con nós en que Vigo é o suxeito do premio tal como planeamos

# Prólogo

Silvia Penas

Analoxía da escrita

*Que a flor flore  
o colibri colibrisa  
e a poesia poesia.*

Haroldo de Campos

Poesiar, como literaturizar, como vivir, son accións que se manifestan a si mesmas e que, para estenderse ao longo dese fío invisible que cruza o espazo-tempo, precisan primeiro dunha reviravolta cara ao interior. Esta definición da literatura como verbo, acto creador, é a que máis se parece á súa orixe etimolóxica, poiesis, e que Platón explica no banquete como “a causa que converte calquera cousa que consideremos de non-ser a ser”.

Velaí a gran analoxía primeira entre a literatura e a vida.

Porén, non é esta a aproximación ao concepto de literatura á que estamos habituadas. Desde o ensino secundario sabemos que o feito literario é algo así como unha forma de comunicación que xoga coa linguaxe, e non ten unha finalidade máis alá de si mesma e do entretemento. No caso da poesía, ademais, son importantes a rima e o ritmo, e abundan as tebras densas cubrindo o signo lingüístico. Lembro ter uns catorce anos e sentir o sopor daquelas clases interminables. Asociaba a literatura co típico cheiro a vellez da naftalina. Non souben ver ata máis tarde que, se a literatura é un xogo entretido, escuro e con ritmo, debería ser, cando menos, estimulante para unha rapaza adolescente do barrio de Balaídos. De feito, nalgún lugar que non sabería citar agora lin que para Wittgenstein a poesía é



a linguaxe en vacacións, e a adolescencia é no meu imaxinario, en si mesma, as vacacións

De todas as formas literarias, o relato e o poema comparten certos elementos que resultan moi próximos á frescura e a vitalidade xuvenil, e non me refiro a unha franxa etaria, senón á forza da vivencia, a querer nacer e renacer acotío. Brevidade e fugacidade, intensidade, oralidade, contar o mundo e, con ese contar, reconstruílo, comer o mundo, engulilo desde os ollos ata a entraña da alma. A literatura é tamén a analoxía perfecta do alimento: células crescendo e multiplicándose a partir dun trazo de tinta, dun tocar de teclas. Ler ou escoitar versos, e que sobreveñan á mente lugares, frío amoreado, unha ferida familiar. Por exemplo:

*No extremo oriente neste anaco  
escolleito pola tundra elixo  
abrir a pel da morsa sobre a neve”*

*(Elvira Ribeiro)*

Moitas e moitos falaron da creación literaria como vehículo para expresar aspectos biográficos e experienciais. Para Cernuda, a literatura, en concreto a poesía, tería que ver coas experiencias vitais e os versos serían bitácoras de itinerarios. Algo semellante di Cortázar, que fala do poema como diario de viaxe. Tamén a nosa Exeria recolleu o tránsito. Porén, se a poesía ou a literatura en xeral dá conta da ruta, eu consideraría antes un exercicio de cartografía que de calco. Non como testemuño da realidade, senón como testemuña, con toda a subxectividade que a marca de xénero lle engade á palabra.

Este fragmento de G. Tavares recolle esta idea moito mellor do que eu podería imaxinar nunca:

*Porque optei por escrever? Não sei. Ou talvez saiba:  
entre a possibilidade de acertar muito, existente*

*na matemática, e a possibilidade de errar muito, que existe na escrita (errar de errância, de caminhar mais ou menos sem meta) optei instintivamente pela segunda. Escrevo porque perdi o mapa.*

A literatura non precisa testemuñar a realidade, nin defender a verdade, pois rompe a dicotomía entre o verdadeiro e o falso, presenta unha sorte de certeza ou de verdade simbólica que amalgama todo o que existe e permite a contradición. A escrita é unha analoxía do mundo, pero non do mundo racional, senón dese todo que está relacionado por semellanza, e nesa semellanza admite a diferenza, o paradoxo.

A través dun libro de Žizek coñecín unha historia xudía sobre un neno que, despois de escoitar a lenda do rabino pregunta: “Pero sucedeu de verdade? É certo?”, e o rabino responde: “En realidade non sucedeu, pero é certo”.

Se habemos de procurar unha verdade literaria, quizais o que atopemos sexa unha certeza. A literatura non dá conta da realidade, senón que crea outra. Algo que non era pasa a ser: esa certeza.

A miúdo as lectoras e lectores, e tamén as escritoras e escritores, volvemos caer na trampa do sentido común, que nos fai esperar do texto que nos diga algo decodificable, cun sentido e significado únicos, pero o texto está atravesado por milleiros de factores, e, á súa vez, por todos os textos. Así, ao falar de exercicio literario falariamos dun intertexto e dunha interlectura. No documental ficcionado *Contrafaces*, de Fon Cortizo tratábase o tema que Bloom chamou “angustia das influencias”, tres autoras e un autor relacionados entre si dous a dous. Unha delas, concretamente Iolanda Zúñiga, estaba moi preocupada porque descubrira que escribía igual a outro autor que non coñecera ata ese momento, Elías Knorr. O mesmo conta Anne Sexton nunha das súas cartas, que varias veces lle atoparon semellanzas con Lowell, e que ela moito se coidara de non lelo. Pero... ten

algún sentido facerse estas preguntas? Será que os textos xa estaban aí? Na voz colectiva?

O texto literario contemporáneo asenta nesta intertextualidade, xustapón como unha especie de reciclaxe. Deliberadamente usa o xa escrito, creando un tecido no que non se ven as formas que o compoñen, senón, por veces, as costuras. No fondo é sobre a propia lingua sobre o que trae a atención, coma se o escritor, a escritora, fose testemuña do que sucede na páxina da literatura. Porque o que alí acontece é de todas e todos nós. A literatura, como os demais discursos, non existe á parte do imaxinario social nin das formas sociais, polo tanto, quen escribe escribe o seu tempo e o seu espazo.

Deixou escrito Mallarmé, referíndose a Edgar Allan Poe, gran poeta e gran contista, que a linguaxe da e do poeta é a da súa comunidade. Nas súas palabras, poeta é aquel ou aquela que dá “un sentido máis puro ás palabras da tribo”.

E, velaquí, nas páxinas que seguen, a nosa tribo celebrando a palabra, a escrita, a lingua na lingua, e, por analoxía, a vida.

# Premios Exeria

# Vigo, agasallando ledicia visual

Azucena Arias Correa

Gañadora na modalidade de poesía 2021

Non poderedes citar  
todas as miñas expresións de arte.  
Verbas, figuras  
e cores sobre cemento,  
pedras novas e con historia...,  
amósanse sobre min  
cal abano de estilos artísticos  
en contextos co meu acento.  
Arte,  
creacións emotivas,  
moitos retallos  
ou anaquiños de vida cotiá,  
momentos de lecer e de traballo,  
intres de verán e duro inverno,

lenda e mitos,  
seres doutros universos...

Fago metamorfose  
converténdome,  
cambiando de aspecto,  
perfeccionándome,  
embelecéndome.

Son unha porta:  
o lugar para acceder a lugares alén do mar.

Ábrome e combato a estenose.

Son unha cidade nova  
mais levo engruñas milenarias.

Reclamo amosar os meus alicerces,  
os antigos poboamentos que levo nas entrañas.

Son cidade e son cultura:  
semento polas rúas as miñas crenzas, costumes e sabedoría,  
gardo en cada recuncho día a día  
predios, estatuas, murais...,  
mostras únicas antigas e actuais

mostras efémeras

e duradeiras.

Son unha cidade agasalleira

de ledicias visuais.

# O tabú

Adela Pintado

Finalista na modalidade de poesía 2021

Teño unha cona preciosa

que din me fai muller,

mais hai quen sen tela

séntese muller tamén.

Teño unha cona mandona

que rebelde din que é,

mais ela non ten dono nin dona

e non infrinxe regra nin lei.

Teño unha cona teimuda

que manda máis ca min,

mais ás veces é temerosa

porque a poden facer sufrir.

Teño unha cona famosa

por Vigo a podedes ver,



pintouna Lupita Hard  
con mensaxes para ler.  
Reivindica a igualdade  
visibiliza á muller,  
con textos que dan folgos  
para nós non decaer.  
Esta sociedade machista  
que aínda é patriarcal,  
precisa dun cambio  
e os tabús eliminar.



*Graffiti de Lupita Hard*

# Dúas mozas

Nones Araújo

## Gañadora na modalidade de relato 2021

Acórdaste Elisa, cando nos rematou de pintar Lula e nos pareceu tan especial este lugar? Era do noso gusto ver o ceo aberto sobre unha casa pequena, no camiño do mercado, preto dun colexio e nunha barriada chea de vida que, por chamarse Florida, deunos por pensar que tería xardíns con flores a moreas.

Pois si, Marcela. Acórdame ese día. Estabamos de estrea e felices. Nós, que non tiñamos mais que unha foto, a da nosa voda, tirada á présa nun escenario hostil! Grazas a Lula, que nos pintou bisbando segredos nun retrato singular, xa nunca estaremos soas, nin agochadas, nin fóra de contexto.

Elisa e Marcela, musgando os ollos, pensan que este día non será coma aqueloutro en que Lula lles regalara tan boas vibracións, que este se achegará baleiro de xente, coa terraza do bar veciño pechada por decreto, onde a adolescente dos cascos xa non esperará polos amigos, nin as mestras xubiladas se citarán para tomar o vermú, nin a nai que lle dá a papa de froitas ao bebé esperará pola filla que sae do conservatorio.

As dúas mozas saben, de certo, que agora todos serán estraños que só falarán cos ollos.



*Graffiti de Lula Goce*

# Dous vellos con boina negra

Andreia Costas

Finalista na modalidade de relato 2021

J: Ei Manolo, bebes que nin Dios! Aínda che dura o barrantes?

M: Díxolle a sartén ó cazo! Seica tes ghana de leria, José.

J: Tixola Manolo, tixola, non se di sartén.

M: Ós meus anos sei quen a ten ó mando. Porén non cambio o meu castrapo, pero ti sempre fuches máis de “chámame gholondrina en bótame trigho”.

J: Anduriña, Manolo, anduriña.

M: A min non me chames así, que a diferenza de ti sempre tiven andares ghallardos.

J: Mira que estás bravo hoxe...

M: Sempre fun home de ben: leiras, ghando e fillos.

J: Pois disque ías co cura de San Andrés, logho da misa dos domingos.

M: Non, eu visitaba a sancristía.

J: E logho, confesabas?

M: Non, comprobar quería, que vestía debaixo da sotana.

J: Seica era unha enagua?

M: Non, era a mortalla da miña tía María, con encaixe de Camariñas.

Esta conversa saía dunha parede medianeira, cunha gorxa ronca de morteiro e ladrillo, ou moito consumo alcohólico. A confesión acontecen ao pasar a media noite, logo de baleirar o whisky escribindo informes, moito despois do toque de queda; pero eu son policía.





*Graffiti de Mon Devane*

# Meditacións

Alfredo Naz

## Relato gañador 2022

Mara despertou enfadada consigo mesma por non aproveitar a durmir máis na fin de semana, tal e como se prometera, pero era difícil apagar o reloxo biolóxico ao que se afixera erguéndose cedo cada día. Imposible de volver conciliar o sono xirou a cabeza con ira cara á alarma-holograma, mais a súa expresión pronto mudou a sorpresa ao observar os indicadores de radiación agardados para a xornada. Non o podía crer. Por primeira vez en moito tempo estaban baixo o límite de perigo. Aquilo cambiaba a súa percepción do día. Podería saír ao exterior fóra do horario permitido. Chimpou do leito e abriu co mando os protectores-de-ondas que cubrían as xanelas do seu apartamento. Deixou que a luz lambese cada recanto do seu corpo, o mínimo posible, para logo entrar na ducha-de- descontaminación e que non lle provocase danos inmediatos na epiderme. Programou un almorzo saudable e deixou que o algoritmo decidise pola roupa máis cómoda do armario. Non esqueceu estender as cremas protectoras polos recantos visibles do corpo, nin as lentes-móbiles especiais. Toda prevención era pouca. Enfilou cara ás Travesas por rúas baleiras. Era habitual. Á xente custáballe dar o primeiro paso para saír dos agochos protectores das vivendas. En canto ollasen a alguén valente ruar sen ir dentro dos vehículos-de-enerxía-amiga-autorizados- para-o-desprazamento-interior-da-cidade, non dubidarían en saír. No seu camiñar escoitou, afastados, os brados artificiais dos animais procedentes do Castrelos-Zoo. A última visita fora bastante desacougante. Os modelos-robóticos imitaban con precisión os movementos das especies xa extintas, pero aquilo loitaba contra os recordos que tiña dos mesmos animais vivos e, os que aínda resistían,

transmitían tal consciencia de idéntica fin que tivera que saír de alí a fume de carozo.

Dende que decidira aproveitar a xornada, sabía cara a onde dirixirse. Tiña unhas ganas enormes de ver o mar sen ter que usar aparellos de realidade virtual. Acadaran unha perfección case absoluta, pero non eran quen de reproducir o simple efecto dunha brisa na face. A cúpula de cristal feita de placas solares espallábase por toda a macrorrotonda apoiada nos monólitos da praza que construíran na última ampliación. Alí os radiómetros indicaban que podía quitar incluso a carapucha. Dubidou entre elixir o submetro ou o tranvía-monorraíl. Optou polo segundo. Xa estaba farta da súa vida de diario case subterránea, onde competía por un mínimo espazo vital coa morea de concidadáns cos que coincidía nas horas puntas. A súa ultra-pass foi detectada de inmediato e o transporte asignoulle sitio. Dende o tranvía podía ollar polo menos a paisaxe, enganándose con que as imaxes que a imitaban nas pantallas que bordeaban o paso fosen realmente reais.

Tivo a sensación de ser acollida por Samil igual que a volta da filla pródiga. O areal prolongábase ata a esquecida estrada, defendido por unha estacada de troncos de piñeiros secos chantados azarosos por cada recanto. Entre as súas sombras podía espir os pés e pousalos na area. Só con esforzo puido trazar no caletre o antigo paseo por onde á praia ía cos seus pais, nos tempos prerradiación. Encheu os pulmóns e varreu o horizonte coa vista. Case toda a ría aparecía sementada de bateas con paneis solares expostos na súa superficie, xunto cos xeradores de correntes de mareas instalados á súa beira. Só un corredor acuático de medio quilómetro de ancho permanecía limpo para proporcionar paso aos barcos cara ao porto. No fondo, as illas Cíes semellaban perfís de ourizos. Os muíños eólicos que as cubrían tiñan a súa continuación por toda a península do Morrazo. A fin dos combustibles fósiles, a aceleración do cambio climático e as malas políticas fixeran que cada megacidade se tivese que buscar a vida en soidade. A elección de VigoPolis, que absorbera a contorna, era evidente. Pronto a mirada de Mara buscou Toralla. A súa irmá, Mencía, traballaba na planta desalgadora que

ocupaba todo o illote e subministraba auga potable á área. Forzando a vista, podía distinguir as letras de cores que lle daban nome: Lagares, na honra do derradeiro río da cidade, que fora secando aos poucos. Unhas voces distraeron os seus pensamentos. Preto da parada do tranvía un grupo de persoas seguían a unha señora maior cara a un descampado, onde pararon, rodeando unha morea de ferramentas. Coñecía aquel estilo de meditación espiritual que ultimamente rexurdira con forza, baseado en prácticas ancestrais. Non o dubidou e uniuse a eles. Os recordos volvían petar no maxín. A señora vestida cunha bata de fina tea atada á cintura e un gorro de palla, expuña brazos morenos e robustos. Nas súas mans encalecidas colleu un dos trebellos amoreados.

—Ben, empecemos. Primeiro, isto chámase legón ou sacha. Cóllese así, pero está ben esgarrar nas mans antes de nada, para evitar vinchocas. E, logo, os movementos sonche ben doados, subilo e baixalo, así, con forza, abrindo na terra. Vedes? Pum! Ala, collede un cada un de vós e veña, a meditar...

# Nocturno de Vigo

Alberte Momán Noval

Relato finalista 2022

A cabicha, aínda acesa, describiu unha parábola no aire, desprendendo diminutas faíscas na súa traxectoria, dende que o dedo índice e anular definiran unha dirección e un sentido lonxe do seu corpo. A noite era mesta e húmida. A cazadora de pel negra, axustada ás súas formas, apenas permitía tornar a friaxe que se introducía polas costuras, até establecer unha íntima relación co corpo, no máis fondo, coma se por osmose atravesase o filtro da epiderme. A anciá que baixaba pola rúa de Manuel Núñez, reprobou o xesto da cabicha ao pasar ao seu carón. El mirou para outro lado. A súa idea, como antano, era tomarlle unha en cada un dos locais daquela rúa, para facer máis accesible o ascenso; logo coller á dereita en Ecuador, avanzar até Don Bosco, para mexar a carón do seu busto, antes da arrincadeira nos garitos da praza. Naquel momento vía aínda lonxe a rúa do Pracer, que, en condicións normais, sería obxecto da última visita. Dende había máis dunha década, percorría aquela ruta en que, nunha ocasión perdida no confuso fluxo da memoria, coñecera de pasada a Marleen Malone. Bateran nunha noite de sábado, como quen tropeza cunha pedra do camiño, con dúas copas en cadansúa man, que acabarían intercambiando como único contacto físico daquel serán, que avanzaba irremisiblemente cara á derrota. Prendido de Marleen, cada sábado reproducía os pasos daquela noite coa esperanza de recuperar aquel momento antes de que desaparecese completamente do seu recordo, eliminando con el a necesidade de vela de novo, así como o desexo vital que o acompañaba. De cando en vez, sacaba o teléfono do peto esquerdo do pantalón por ver se tiña algunha chamada, coma se o alzhéimer da súa nai, soa na casa, remitise o tempo suficiente para alertalo dalgún perigo inminente. A ausencia de

compaña, facíao caer unha e outra vez no recordo da vella, co cabelo branco en constante recesión espallado pola almofada e coas sabas de flanela, estampadas con flores rococó, subidas até o queixo, pulando por durmir, ao tempo que el acariñaba a súa fronte cunha profusa insistencia marcada pola abstinencia alcohólica. Odiábase ao ver como lle tremían as mans en cada despedida, convencéndose a si mesmo de que ela durmiría até a mañá seguinte. O alcol pode ser a cerna dunha morea de obsesións. Sentía predilección polas noites en que calquera muller podía ser Marleen. Articulaba o seu nome dubidando entre a pronuncia con un ou con dous “es”, até que as interlocutoras se afastaban espantadas. Porén, abundaban máis aquelas outras en que o rostro desfigurado da súa nai emitía luz propia na escuridade do seu cerebro. Apenas o alento dela chegaba para atemorizalo, até o punto de interromper a ruta predefinida para volver ás carreiras sobre os seus pasos. Naqueles momentos, subía as escaleiras do predio todo o rápido que os seus pés erráticos lle permitían, abría a porta do apartamento facendo o mínimo ruído posible e camiñaba aos tombos até o seu cuarto, asegurándose de que alí estaba aínda, tan durmida como indefensa. E, de súpeto, alí estaba Ecuador, coas súas beirarrúas estreitas, dominadas polas árbores que entraban en comunicación directa cos veciños de todas as primeiras plantas dos predios da rúa. Alí, na beira oposta da estrada, a porta verde, pechada a esa hora, da Bodega Pereira, que albergaba algúns incautos adolescentes que se resgardaban da poalla no seu exíguo soportal. Bebían e fumaban producindo aquel balbordo cargado de hostilidade tan propio do seu tempo. E alí, tamén, como luz que clarea a noite, a imaxe agardada de Marleen Malone. Fregou os ollos con ambas as mans, individualizando cada unha das figuras que ocupaban aquel pequeno intervalo de rúa. Fixou a ollada no seu rostro. Fitou con incrédula ledicia os beizos vermellos, o ton ocre da maquillaxe nas pálpebras, as faccións perfectas que descendían dende as tempas até o comezo do pescozo, descuberto até o tecido negro dunha camisola, tapada parcialmente por unha cazadora de coiro que lle caía polos ombreiros, como querendo descubrir a perfección do corpo de Marleen, sempre Marleen, esperada e ansiada Marleen. Deu un par de pasos tímidos até baixar da beirarrúa. Ergueu unha

man chamando a súa atención. Creu percibir os ollos dela cravados nos seus e avanzou, deixándose levar pola esperanza. Outras luces moi distintas anunciaron a presenza do vehículo que levou o seu corpo ao asfalto. Tras deterse uns metros máis adiante, a multitude abalanzouse sobre a figura que ía exhalando a vida aos poucos. Coa mirada fixa no ceo e o rostro de Marleen atento ao seu estado, tan só puido proxectar o nome de Aurelia dende o máis profundo da gorxa, seguido dun “quérote,mamá!” audible só para os máis achegados.

# Lugar fermoso

Lois Alcayde

## Relato gañador 2023

Papá sempre coidou de Chito dunha maneira especial. Chamábámolo Chito porque rara vez falaba, e observaba todo devagar. Ás veces esculcaba tan fixamente que chamaba a atención. Chito era moito máis humilde ca nós. Mamá sempre me repetía que había que dar grazas a que papá fose quen era, que iso sempre traía pan á mesa. Na casa de Chito o pan entraba grazas ao bar que a súa familia tiña á beira da estrada, cando os coches aínda aparcaban debaixo da follaxe dos piñeiros e as parellas saían delas para agocharse e quererse detrás do matos, a carón da ría. Desde o bar da súa nai á ría só se precisaba baixar por un carreiro, e en tan só minuto e medio podías meter os pés na auga. Naquel lugar existiu unha ponte da que só quedaban as bases sobresaíndo da corrente e unha pequena lingua de pedra e ferro comesta pola lama. Cando a guerra, uns veciños estouparan a ponte para sabotear a retagarda do inimigo. Chito e máis eu baixabamos bañarnos na ría para recibir as apertas de sal. El non falaba, pero berraba decote se as correntes viñan frías. Chito conducíame a unha beira concreta da ría, xunta aquela ponte antiga, xunta os piñeiros máis vellos, onde non chegaban turistas nin xente da vila. Era das poucas veces que Chito, coa súa voz oculta, falaba. Decía, paseniño, que fermoso lugar, que fermoso lugar. Por que, por que o dis, Chito? E el respondía que o aprendera da súa nai, que este era un lugar fermoso. Nos días de choiva, cando non podíamos baixar á ría, papá sempre o convidaba a vir connosco ao cine, na cidade. Cando mercou o coche deixamos de ir en autocar e o meu amigo, no asento dianteiro, sen falar, ollaba pasar os sinais de tráfico e as gaivotas cruzar o ceo polo baixo por mor do vento. Toda a ría semellaba, dende as ventás do coche, unha longa e escamuda pel de peixe. Papá sempre o tratou dun xeito



especial. Cando deixamos de ser nenos e marchei estudar a Compostela, Chito comezou o servizo militar. Papá foi trasladado á Coruña e, con el, miña nai. Conseguiu que Chito fixese os anos de mili na farmacia dun cuartel na cidade. No fondo, seguía estando detrás dunha barra, como a súa nai no bar, despachando ácidos acetilsalicílicos para os cabos que volvían a primeira hora da esmorga nocturna. Seguimos varios anos en contacto escribíndonos algunha carta, pero cando me licencié en Santiago e comecei a exercer de médico, tamén na Coruña, para volver con papá e mamá, a comunicación entre Chito e eu diminuíu. Nas súas escasas cartas sempre me falaba da ría. Que fermoso lugar, que fermoso lugar, lía eu da súa letra infantil e redonda, coma dun caderno Rubio. Souben polas súas cartas que a nai de Chito seguía indo tamén á beira da ría, á ponte vella, xunto aos piñeiros. Quedaba alí e camiñaba polo lugar moitas horas, ao sol ou baixo a poalla. Papá sempre lle preguntaba por Chito, e algunha vez, dicía miña nai, pegado ao teléfono da sala, na mesa das fotografías, falaba coa nai do meu amigo cunha voz tenra. Naquel moble, xunto ás miñas fotos de comuñón, destacaba unha feita por mamá onde aparecían papá e o pai de Chito, na praza Maior da vila. Papá vestía unha camisa escura case negra e o pai de Chito, descamisado e louro, cunha cara honesta, collíao polo ombreiro. Naquela imaxe ambos parecían peiteados polo vento. Maio de 1936, estaba escrito con lapis no reverso, coa letra de papá. Detrás deles, a ría, clara e transparente nun día solleiro. Un día Chito deixoume de escribir. Foi aos poucos días de retirarse papá. Xubilouse como inspector de Policía no verán e foi unha noticia moi cuberta nos xornais da Coruña por mor da seca de actualidade en xullo. Papá soubo que a nova correra porque á noite recibiu unha chamada da vila. Era a nai de Chito, e meu pai, coma noutro mundo, dixo nun lugar tan fermoso, fillo, nun lugar tan fermoso, e calou. Esa semana papá fora recibido por moitas excelencias e na prensa fixéronse eco dos seus méritos na guerra, entre eles a batida da ponte antiga en agosto de 1936, a que deu tempo aos nacionais a ampliar o cerco de Vigo. Naquela ponte antiga morreron varios homes da vila que viñan da capital á que marcharan defender a República, escapados, cando o cerco do bando

sublevado á cidade era incontible. Entre as vítimas estaba o dono da tasca, a carón da estrada, onde paraban os coches de camiño a Vigo. Un home louro.

Chito seguiu levando o bar da súa nai ata que el tamén se retirou. Papá, despois daquel verán da súa xubilación, non volveu máis á vila. Faleceu pouco despois. Moitas veces pasei por alí, xa sen muller e cos fillos vivindo fóra. A carón da tasca, na baixada á ría, un grupo de persoas comezaron escavar na procura de restos no terreo onde medraban aqueles piñeiros. Intentei varias veces falar con el, con Chito. Seguía sen dirixirme a palabra, coma sempre, calado, mais estaba tranquilo, observando o mundo, limpando o que fose na barra e bisbando o de sempre, que fermoso lugar, que fermoso lugar.

# Nó de mariñeiro

Pablo Nogueira Campo

Relato finalista 2023

Non tardei en decatarme do que ocorría. Levabamos pouco tempo vivindo naquela parte da zona vella, onde a magnificencia da pedra ergueita en tempos pretéritos beliscaba amiablemente co aloumiñeiro arrecendo a salitre, proposto polas incesantes correntes atlánticas. Vigo sempre foi unha cidade aberta ao mundo polo mar, chapicada de guindastres que espreitan as rúas con esplendor dende as alturas, servindo de pousada para as gaivotas que, cansas de buligar a rentes do mar, atopan cachaza na ferralla enferruxada.

Foi na parte vella da cidade onde atopamos un piso en alugueiro a bo prezo e con inmellorables vistas desde a xanela do salón. Deixábase abrazar con afervoamento polo vento mareiro. A ría achegábanos unha aperta de sal en cada onda que rachaba contra o peirao, deixando par de si un ronsel de espuma e salitre. O azul oceánico asolagábanos a vista dunha beleza infinda. O relanzo de sol baldeirado sobre o mar ao mesturarse co arrecendo a café pola mañá, espaxecía unha desas idílicas estampa coas que se enmarca a felicidade.

Neste mar acedo de tristura polo que arestora navego á deriva, lembro, polo miúdo, os intres que pasei con ela. Imaxínome deluvando novamente os nosos pasos devagar pola rúa do Príncipe, ascendendo até as beirarrúas que flanquean a frecuentada Urzaiz. Non podo eivar o rememorar nostálxico de todos aqueles seráns acudindo ás innumerables funcións que se programaban no teatro García Barbón, ou espaxecendo o tempo de lecer nas noitébregas calellas de Churruca. A música aínda rexouba fedella no meu maxín ao traer á memoria aqueles tempos de infinda ledicia. Faino

coma se bulise dos altosfalantes de cada un daqueles locais onde nos bicabamos apaixonadamente até que nos atopaba o rompente de día.

Ao pouco de mudármonos encozamos a frecuentar o bar que había a carón do predio. Tratábase dun lugar acolledor. Na súa decoración, evocaba un recuncho de encontro que noutrora servira de acubillo para os mariñeiros que precisaban repoñer folgos entre marea e marea, entre batea e batea. Ao abrigadoiro dos tabiques de seu, ganduxábanse decote conversas de homes avezados en sucas as ondas dos máis recónditos e bravos mares. As súas paredes, onde se entretecían redes en madeixas de cordas e se penduraban nasas, semellaban gorecer os ecos desleigados das vellas historias do mar, mesturadas co incesante bruar das ondas.

Aos poucos fomos gañando confianza no establecemento até o punto de rematar por converternos en clientes habituais. Entre semana adoitabamos ir tomar unha cervexa ao saír de traballar e, nos días da fin de semana, acudiamos a tomar a parva, xusto antes de xantar. Era alí onde nos deixaban artigos que pediamos por Internet, se non estabamos na casa cando chegaba o reparto.

O dono do establecemento axiña encozou facerlle as beiras á miña parella dun xeito discreto e sucinto. Ao principio non lle dei importancia: era un tipo amable que simplemente brindaba o engado dunha conversa amigable co fin de agradar a clientela. Un sorriso ateigado de complicidade enfeitaba o seu rostro anguloso, coroado nunha cabeza núa, acompasada ao feitío dun corpo musculoso cunha manchea de tatuaxes buligándolle na pel, que na tinta debuxaban trazos de motivos mariños. Áncoras e buques desfilaban ao longo das extremidades daquel suxeito versado en multitude de vivencias.

Concluí que non podería enfrontarme a un experimentado mariñeiro reconvertido en hostaleiro de éxito. Aos poucos, fun acubillando a magoante sensación de que unha enorme fenda se grelaba entre nós, arredando as nosas vidas que até aquel intre ficaban aparelladas.

Foi un día chuvioso, que rematou nunha noite estrelecida, cando me abandonou. Souben que o fixera por el, aínda que nunca chegase a confesalo. Argüíu que o noso esmorecera, arrefriando o celme dun amor que, co paso dos anos, virara nunha amizade rutineira, no canto dunha relación acesa nos fachos da paixón.

Acepteino resignado. Percorrín as lousas que conducían até o Sereo, unha e mil veces, co queixo abaixado, ouvindo o remorso silente dos meus pasos solitarios, unicamente crebado polo fulgor dalgún músico que tocaba na rúa. Transitei apesarado polas beirarrúas de Urzaiz até o Calvario e repousei os cóbados nas barras daqueles locais de algarada nocturna da zona de Churruca, que tantas veces foron testemuñas do enguedellar das nosas siluetas.

Nalgún daqueles paseos foi onde bosquexei un plan. Precisei un tempo para levalo a cabo, o necesario para xuntar uns cartos co remol dun soldo cativoiro. Aforrei para mercar o derradeiro artigo que recoller no local. Mandeí que o deixasen ao meu nome e ben precintado, aducindo que non tardaría en ir apañalo. Iso si, pedín expresamente que non figurase ningunha indicación no vulto, que ofertase pistas sobre quen o solicitara.

Non fun buscalo. Unicamente me limitei a chamar á Policía após asegurarme de que, naquela caixa de cartón, houbera cantidade de cocaína abondo como para que o do bar pasase unha boa tempada no cárcere.

# O derradeiro alento do boi

Fran Fernández Davila

Relato gañador 2024

Adoitabamos apañar as patacas nun día. Xuntabámonos varias familias do barrio, nenos e maiores, poñiamos roupa e zapatos de vello e metíámonos no campo cun caldeiro de plástico e asa de metal. O Pasquali de Tito pasaba ruxindo coa cuña de peite vibratorio, e nós detrás, apañabamos os tubérculos de entre a terra movida, coma na busca de amorfos ovos de chocolate, case sempre completos, impolutos. Que tanto máis lento era o legón. E asasino. Que tantas patacas cortaba o legón que non o tractor. E como eu odiaba eses días de campo, que prefería facer os deberes ou estudar, mentres o Víctor e o Rubén gozaban da festa, do memorial poeirento do celme da vida, e o seu avó quedaba na casa, porque tanto el coma o boi foran cambiados pola ruidosa máquina amarela.

Pero Tito mantivo o boi até que morreu. O derradeiro boi de Vigo morreu naquela casa de Oia, tombado na corte, co seu dono amarrado ao pescozo, coma se fose posible que un home esganase un almallo co peito. Pouco máis duraría o ancián, que acabou por marchar coa primeira das gripes.

Ás veces, neses días de sol e patacas, Tito deixaba subir a Rubén ao asento en que vou sentado eu agora. E Rubén manexaba co Chuki, o seu can, cos mesmos dez anos que tiñamos os tres. E o Chuki acompañábao no asento, cabeza arriba, sen soltar un ladro. Que tanto daría por ter o meu Lucky comigo, así, agora, sesenta anos despois, con todo este ruído e vento na cara, mentres marchamos ao lento, Pascual e máis eu. Sen o Chuki nin o Lucky nin Víctor nin Rubén. Mentres baixamos Canido Hills, onde xa de mozos nos daba a tarde para explorar as ruínas da conserveira, onde despois

construíron os chalés a pé de porto, con licenza dubidosa, e onde dicían que Fraga baixaba do norte a tomar uns cafés e decidir que palabra da nosa infancia morrería primeiro.

E mentres Rubén conducía, a sesenta anos de aquí, eu soñaba coas viaxes do meu pai mariñeiro, con subir a un avión en Peinador e desaparecer entre as nubes durante meses, e abofé que cumprín, coma meu pai, moi á conta de renunciar á familia, que pasou a súa vida a velarnos. Levamos a distancia nos xenes.

Pítanme ás costas os coches eléctricos e autónomos. Percorremos Coruxo Boulevard, coas casas estilo Malibú penduradas na praia a chufarse do océano. Entramos en Samil Avenue, nerviosa polos neons dos casinos a facer de estrelado para as parellas borrachas que rematan a noite a fochicar no areal. Que igual é polo fume de gasóleo mesturado coa augardente, ou pola ringleira que se forma cando pasamos Bouzas Village, convertida nun parque temático e folclórico, coma o Creek de Dubai, pero aparecemos en Vigo mollados, baixo a chuvia de bucinas, reflectidos no enxame de torres do barrio financeiro de Beiramar e o New Bay Hotel. Que igual foi que, construindo isto, nos ferveu o tempo e nos fixemos grandes e deixamos de recoller as patacas. Porque eu seguí os estudos para non traballar e me interesei nas viaxes, e fixen as prácticas de mecánico de barcos e logo xefe de máquinas da mariña mercante. Igual foi para marchar, para fuxir das patacas.

Víctor casou e tivo tres nenos. Traballou en salvamento marítimo. Foi dos que se tiraban ao mar co temporal, amarrado ao helicóptero por un cabo. Rubén quedou na casa dos pais finados, empalmando traballos de electricista, coma Tito, mantendo a corte, mantendo as leiras, mantendo o Pascual. Eu visitábao entre mareas, e sempre me recibía na corte, tirando unha xerra de viño do bocoi, cortando un pouco queixo e chourizo, usando o tractor de mesa, a modo de áncora, facendo que, por ese instante, o mundo deixase de xirarme nos pés.

E o tractor alí aguantaba os embates do tempo e a lexislación, porque no trinta e cinco tivo que pórille un motor eléctrico auxiliar e unha batería de híbrido, e no corenta e dous prohibíronlle sacalo da casa ou acender o motor de combustión. Ese mesmo que teño agora ruxindo Carral arriba, empurrando pivotes, torcendo norais, afastando drons da policía mentres me soan as notificacións das multas instantáneas no reloxo de pulso, e me fan de fanfarra abafante e furiosa mentres irrompo na praza de Abel. A que antes, de nenos, era a Porta do Sol.

Compreille o tractor a Rubén cando lle vendeu a casa a uns madrileños. Fixeron un chalé. Botaron abaixo os alpendres para cavar unha piscina. A súa foi a última da urbanización. Marchou vivir a Santiago cunha sobriña nun piso de aluguer. Abrazámonos. Recibín a noticia esta mañá, no reloxo, e fun xunta o tractor acubillado no garaxe a carón do Tesla. O piloto queimado anunciaba que a batería morrera. Chorei polos tres.

Aparco na Porta do Sol, xusto debaixo dos dous piares negros que sosteñen a estatua do alcalde faraón. Deixo a Pascual acendido, érgolle o capó e arríncolle a centraliña que controla a inxección. O marcapasos. Sento no chan. Sinto a respiración atrapallarse, perder o ritmo. Escoito, coas costas apoiadas na roda, como se acaba o gasóleo. E esvaecemos os dous, cos pistóns tusindo enfermos, de fame e de nostalxia.



# Unha aldea de luz

Soledad García Riveiro

Relato finalista 2024

Undomel é longa e corpulenta, con cristas aguzadas na cabeza e unha cola, coa que mantén o equilibrio cando paira, coas ás abertas e quedas, sobre a aldea de Vigo onde naceu.

Porque Undomel naceu dun ovo solitario que a súa nai chocou sete anos. Foi un xoves de inverno de 1573, o día en que se aprobaba unha ordenanza para regular a pesca da sardiña na ría que os dragóns habitan dende milenios.

E Undomel aprendeu axiña, pequena coma unha tenreira, a voar feliz polo ceo da aldea mariñeira, a mergullarse na auga, para emerxer logo chea de sal, e sobresaltar as gamelas e as penélopes das redes acampadas no Berbés.

E Undomel foi facéndose cidade, convertendo a súa pel en tona, en cicatriz, en crónica das pegadas que deixou o tempo na súa xente. Mais ela aí está, aínda segue, xoga alegre e protexe os seus recunchos favoritos.

Asombrado ficou Jules Verdines cando Undomel se sumou ao espectáculo aéreo en 1911. Igual ca os pilotos que estreaban a pista Peinador, no 54, e que finxiron non ver as chiscadelas da dragoa que os saudaba dende estribor para que non lles quitasen a licenza. Púidose albiscala voando por riba das cincuenta e seis praias brancas deixando tras de si un ronsel para prender as cacharelas do San Xoán. E outras, ergueita nas xunqueiras á procura de auga doce para apagar os incendios de Beade, Coruxo e Valadares.

E a dragoa ten como esas moitas datas especiais e, como todas as dragoas bulideiras, acubilla un espírito de lume. Porén, hai unha data no ano, un momento en que a aldea muda para vencer a escuridade do inverno que comeza.

Son días de festa e de ruído, unha época en que Vigo se ilumina e atrae miles de humanos que veñen celebrar o Nadal. E Undomel goza dos pairos nocturnos sobre a multitude, dos risos dos nenos e a alegría dos adultos, do cheiro das casetas e da música afiada que unhas bocas negras de plástico repiten todo o día sen piedade.

E xoga a acariñar a estrela da punta do cono ao lado do Sereo, a mofarse dos renos e do home gordo vestido de vermello, e soprarlle nas orellas aos pais máis medorentos que soben á nora. Porque Undomel leva máis dun século ocultando un segredo. Algo que non lle pode contar a ninguén, primeiro, porque non sabe falar humano, e, segundo, porque poría en perigo o Nadal e a súa lenda fundacional.

Todo comezou o 22-XII-896. Undomel era unha cría de 322 anos. Pronto sería o seu aniversario e, para celebralo, almorzara un cardume de xoubas a carón das Cíes e volvera paseniño a Vigo. A Porta do Sol e as rúas de Colón e Policarpo Sanz estaban preparadas para o grande acontecemento.

Cando deron as oito da tarde os responsables da Sociedade para o Alumeado non daban creto. Os dous motores Otto de trinta cabalos non arrincaron. Consultaron os enxeñeiros e os motoristas do Orinoco, mais non atoparon causa da avaría. Faltaba algo. Faltaba a maxia.

E é que Undomel nacera cunha misión.: acender luces de guía. E aquel era o momento para o que estaba adestrando. Practicara anos antes coa luz submarina das lámpadas Ruhmkorf na busca dos galeóns de Rande; e conseguira que o dono da fábrica de chocolate, López de Neira, mercase un foco para alumear o paso das xentes na procesión do Cristo de 1880.

Porque Undomel sabe que a luz é inimiga das malas obras, e que as boas obras tecen luz, que son o farol que acende a alma das aldeas. Porque a dragoa era a encargada de dar vida aos faros de toda a ría: Silleiro, Cabo Home, San Simón, A Guía, Robaliza... todas eran cruces que cosían ambas as beiras para evitar que a noite as separase.

Despois dos enxeñeiros foi o xefe de Telégrafos o que, nunha nube de nervios, tentou esconxurar a escuridade cun ensalmo ao estilo noite de queimada: “Brindo porque estes misteriosos raios [...] penetren ata a conciencia e o pensamento de todas as persoas [...] polo ben da ciencia e, con ela, a humanidade”.

E foi nese momento cando os dezaseis botóns do traxe de gala do xefe de carabineiros iluminaron co reflexo da bóla de lume con ás, e plantaron dezaseis estrelas que comezaron a brillar nas dezaseis esquinas da Porta do Sol, e de todos os edificios que a rodeaban xurdiron arcos da vella coma chorros de auga iridiscente.

E todo iso pasou no fulgor dun segundo, nun hertz de alterna no que Undomel e todos os asistentes ao acendido puideron contemplar a paisaxe do tempo: presente, pasado e futuro [nun diorama topográfico]: o florecer dos castrexos, os fenicios e os helenos, a Burbida romana, o Turonio dos suevos... e logo aldea, a aldea románica de Sárdoma, Coruxo e Castrelos, a aldea amiga do mar, a inimiga de Drake, a albanel e mariñeira, a Reconquista, a aldea catalá e conserveira, o Cable Inglés, o Colexio Alemán, a aldea resistente e obreira, a proletaria e os estaleiros, a futboleira, aldea de Citroën, a aldea de Laxeiro, a de Villar, a de once millóns de LED, a aldea traizoeira, a do retorno do fascismo, a aldea en castelán que dá por esquecer os seus entregos, a aldea que borra o seu acento por parecerse a quen non é. Porque aldea é. E pode volver a selo.

# **Actas dos xurados**

# Primeira edición. 2021

## Acta do Xurado

O 19 de maio do 2021 ás 20 horas no Cubo, sede do Ateneo, reúnese o xurado do premio EXERIA, formado por:

- Ramón Blanco, Ofelia Dorado e Fernando García, escollidos ao chou entre as persoas asociadas ao Ateneo;
- Xesús Vázquez, pola Fundación Xoán Piñeiro;
- Xosé Carlos L. Bernárdez, polo Ateneo Atlántico (ausente por enfermidade, manda os seus votos ao whatsApp do grupo);
- Luisa Abad, como secretaria do Ateneo, con voz pero sen voto.

Comezamos polo premio en poesía, pasamos a unha primeira votación en que cada quen escolle as cinco que máis lle gustaron. Nesta primeira aproximación acadan: tres votos: Pequeno mergullo olívico, O tabú e Agasallando ledicia; dous votos: Andando devagar, Cabalos petando nas portas, O segredo na pedra, Arte Gaia e Agonía no peirao; un voto: A saudade dos bañistas, Sobrevivir, Oliveira, Pincel da nenez e Performance.

Centrámonos nos poemas que acadaron tres votos. Facemos unha lectura de cada un deles en alta voz e nunha segunda votación a poesía gañadora é Agasallando ledicia con 4 votos. Pequeno mergullo obtén 1 voto. O tabú.

Pasamos a continuación aos microrrelatos. Na primeira votación acadan: tres votos: Dous vellos con boina negra, Dúas mozas; dous votos: O capitán Nemo na illa loubada, Territorio Freak, Monumento á muller, De Bouzas a Vigo; un voto: O sentimento que nos une, Meu pequeniño, Entre equinocios e solsticios, Urbanízate, paseando por Vigo, Microrrelato da

geisha, Dende as alturas, Cabalos á fuga, A miña decisión, O recuncho mironiano.

Centrándonos nos dous máis votados, que pasamos a ler, facemos unha segunda votación na que gaña por unanimidade con catro votos o relato Dúas mozas, resultando finalista: Dous vellos con boina negra.

Rematamos sesión ás 21 horas. Con posterioridade, na primeira xuntanza da directiva do Ateneo o luns 24 de maio, procédese á apertura das plicas para coñecérmonos o nome das persoas gañadoras, resultando ser:

#### Poesía

Primeiro premio: Azucena Arias, autora dos poemas que quedaron en primeiro e segundo lugar Agasallando ledicia e Pequeno mergullo.

Finalista: Adela Pintado, autora do que quedou en terceiro lugar: O tabú.

#### Microrrelato

Primeiro premio: Nones Araujo, autora de Dúas mozas.

Finalista: Andreia Costas, autora de Dous vellos con boina negra.

Dou fe da veracidade das deliberacións do xurado e das votacións efectuadas. Asinado, a secretaria do Ateneo Atlántico e do xurado: Luisa Abad.

# Segunda edición. 2022

## Acta do xurado

Sendo as 19.30 horas do día 8 de xuño de 2022 reúnese o xurado do 2º premio Exeria formado por:

- Rexina Rodríguez Vega, presidenta da xurado;
- Xosé G. Barral Sánchez, polo Ateneo Atlántico;
- Helena Pousa Ortega, pola Fundación Xoán Piñeiro;
- Azucena Arias Fernández, gañadora da 1ª edición do certame, na súa modalidade de poesía;
- Nones Araújo Fernández, gañadora da 1ª edición do certame, modalidade relato curto;
- Luisa Abad, como secretaria do Ateneo, con voz pero sen voto.

Unha vez realizadas as pertinentes deliberacións, e por unanimidade, o xurado decide outorgar o primeiro premio do 2º Certame Exeria ao orixinal titulado “Meditacións”, valorando de xeito especial os riscos de humor que caracterizan o relato, a súa estrutura equilibrada e o final sorprendente.

No tocante ao accésit, o orixinal premiado é o titulado “Nocturno de Vigo”, valorando, neste caso, o xeito en que está artellado o relato, o feito de ter unha voz propia e o uso da linguaxe de forma precisa.

O xurado fará entrega do resultado do fallo á persoa responsable da custodia dos documentos para que abra as plicas correspondentes e proceda a comunicar o resultado aos premiados premiadas.

Péchase a sesión sendo as 20.30 horas.

Asinado, a Secretaria, Luisa Abad Abad

Nota. Unha vez abertas as plicas, os relatos gañadores resultan ser:

Gañador: Meditacións, de Xosé Alfredo Naz.

Finalista: Nocturno de Vigo, de Alberte Momán.



# Terceira edición. 2023

## Acta do xurado

Sendo as 19.10 h horas do día 19 de maio de 2023 reúnese o xurado do terceiro premio Exeria formado por:

- Xabier Paz Canalejo, presidente da xurado;
- Remedios Copa Sánchez, polo Ateneo Atlántico;
- Helena Pousa Ortega, pola Fundación Xoán Piñeiro;
- Xosé Alfredo Naz Fernández gañador da 2ª edición do certame Exeria de relato curto;
- Alberte Momán Noval, (telematicamente) finalista da 2ª edición do certame Exeria de relato curto;
- Fernando Fernández González, secretario, con voz e sen voto.

Unha vez realizadas as pertinentes deliberacións, e por maioría, o xurado decide outorgar o primeiro premio do 3º Certame Exeria ao orixinal titulado “Lugar fermoso”, valorando de xeito especial a habelencia para desvendar o dó e o loito do pasado histórico por debaixo da beleza da paisaxe e do ambiente doméstico. O relato con grande economía de medios e un ritmo narrativo áxil. desenvolve unha historia densa de contraste entre o mundo afectivo e a memoria histórica

No tocante ao accésit, o orixinal premiado é o titulado “Nó mariñeiro”, valorando, neste caso, o arrandeo temporal que artella, con tensión crecente, un relato de soidade e vinganza, envolto en lirismo urbano.

O xurado fará entrega do resultado do fallo á persoa responsable da custodia dos documentos para que abra as plicas correspondentes e proceda a comunicar o resultado aos premiados premiadas.

Péchase a sesión sendo as 20.00 horas

Asinado, o secretario, Fernando Fernández

Apertura de plicas: Unha vez emitida a acta, procédese á apertura das plicas dos dous orixinais premiados, co seguinte resultado

Gañador: Lugar fermoso: autor, Lois Alcayde Dans

Finalista: Nó de mariñeiro: autor, Pablo Nogueira Campo.

Valoracións do xurado

Lugar fermoso

A paisaxe cobertura da historia. A interacción entre o mundo familiar e afectivo e o tempo histórico. O relato, escrito en primeira persoa, rememora a relación de dous nenos na beiramar da Ría. A primeira palabra, papá, á o eixo da narración. O estilo claro e ameno debulla a trama, a vida do narrador e da súa relación con outro neno, expone con trazos precisos e gran economía. Un manto de amena tranquilidade vaise componendo ganduxado por una xaculatoria: “que lugar fermoso” do neno ensimesmado. A anomalía semella suavizada por detalles domésticos. Algúns trazos fan asomar o pasado silenciado. Ao final o lugar fermoso, sen deixar de selo, revélase lugar de dó e loito, lugar de morte.

Nó mariñeiro

A vinganza do abandonado ou as dúas caras da paixón. Os perigos da paixón hipertrofiada, un tema clásico na literatura. A primeira frase anuncia algo impensado. Tamén escrito en primeira persoa, a trama desenvólvese no marco realista da cidade de Vigo e a Ría. O ambiente descrito con trazos de lirismo urbano fai discorrer a narración cun ritmo áxil. O relato componse de tres tempos: felicidade, abandono e vinganza. Logo de expor o contraste: beleza e felicidade fronte a tristura e deriva, refírese o contido que vai dun

extremo a outro. Co ir e vir temporal conséguese o aumento pautado da tensión que desemboca en delito e pecha o nó urdido na soidade.

# Cuarta edición 2024

## Acta do xurado

Sendo as 19.00 horas do día 6 de xuño de 2024 reúnese o xurado do 4º premio Exeria formado por:

- Inma López Silva, presidenta do xurado;
- Xulio Abalde García, polo Ateneo Atlántico;
- Helena Pousa Ortega, (telematicamente), pola Fundación Xoán Piñeiro;
- Lois Alcaide Dans (telematicamente) gañador da 3ª edición do certame Exeria de relato curto;
- Pablo Nogueira Campo, (telematicamente) finalista da 3ª edición do certame Exeria de relato curto;
- Fernando Fernández González, secretario, con voz e sen voto.

Unha vez realizadas as pertinentes deliberacións, e por maioría, o xurado decide outorgar o primeiro premio do 4º Certame Exeria ao orixinal titulado “Derradeiro alento do boi”, destacando a capacidade do texto para captar, a través dun estilo limpo, áxil e atractivo, a metáfora do paso do tempo na cidade de Vigo, á vez urbe e aldea, unha idea que se acrecenta no final sorpresivo”.

No tocante ao accésit, o orixinal premiado é o titulado “Unha aldea de luz”, salientando a orixinalidade dun relato que emprega o xénero fantástico para ligar o pasado co futuro nunha mensaxe de tribo que non cae en tópicos.

Reclámase a presenza de Ignacio Pérez Méndez que custodia as plicas. Unha vez abertas en presenza do xurado resultan ser:

Gañador do primeiro premio Francisco Javier Fernández Davila.

Accésit Soledad García Riveiro.

Péchase a sesión sendo as 20.00 horas.

Asinado, o secretario, Fernando Fernández

# Table of Contents

1. Limiar. Luísa Abad
2. Prólogo. Silvia Penas
3. Premios Exeria
  1. Vigo, agasallando ledicia visual
  2. O tabú
  3. Dúas mozas
  4. Dous vellos con boina negra
  5. Meditacións
  6. Nocturno de Vigo
  7. Lugar fermoso
  8. Nó de mariñeiro
  9. O derradeiro alento do boi
  10. Unha aldea de luz
4. Actas dos xurados
  1. Primeira edición. 2021
  2. Segunda edición. 2022
  3. Terceira edición. 2023
  4. Cuarta edición 2024